

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

6606 *Circular 6/2016, do 30 de xuño, do Banco de España, ás entidades de crédito e aos establecementos financeiros de crédito, pola que se determinan o contido e o formato do documento «Información financeira-peme» e se especifica a metodoloxía de cualificación do risco previstos na Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.*

A Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, ten como un dos seus obxectivos fundamentais fomentar e impulsar o financiamento das pequenas e medianas empresas (en diante, pemes), mediante dúas vías complementarias: facer máis flexible e accesible o financiamento bancario e desenvolver medios alternativos de financiamento.

Unha das razóns que dificultan alcanzar o primeiro obxectivo é a asimetría informativa á cal se enfrontan as entidades de crédito cando conceden financiamento ás pemes, o que complica e encarece o necesario labor de valorar o seu risco.

Para mitigar esa asimetría e facilitar o acceso ao financiamento bancario, o capítulo I do título I da Lei 5/2015, do 27 de abril, cuxa aplicación se estende tamén aos traballadores autónomos, establece que, cando as entidades decidan cancelar ou reducir o fluxo de financiamento aos seus clientes pemes e traballadores autónomos, ademais de informalos cun aviso previo de tres meses, terán que lles facer entrega dunha extensa información sobre a súa situación financeira e o historial de pagamentos nun documento denominado «Información financeira-peme». Este documento, que incluírá unha cualificación do risco do acreditado, deberá tamén ser entregado en calquera outra circunstancia, logo do pagamento da tarifa correspondente, por solicitude do acreditado.

Co obxecto de lograr que a información sexa comparable e fidedigna, a Lei 5/2015, do 27 de abril, encoméndalle ao Banco de España tanto a especificación do contido e do formato do mencionado documento como a elaboración dunha metodoloxía estandarizada para a avaliación da calidade crediticia das pemes e dos traballadores autónomos coa cal obter unha cualificación do risco.

A presente circular divídese en tres capítulos. O capítulo I establece o obxecto e ámbito de aplicación da circular, que inclúe as entidades de crédito e, de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 5/2015, do 27 de abril, os establecementos financeiros de crédito. O capítulo II regula o contido mínimo do documento «Información financeira-peme», que abrangue desde as declaracións á Central de Información de Riscos do Banco de España ata a cualificación do risco, incluíndo un exhaustivo historial crediticio, os datos comunicados a empresas que presten servizos de información sobre a solvencia patrimonial e o crédito e os extractos de movementos do último ano. O capítulo III establece unha metodoloxía cuxo fin esencial é a estandarización da cualificación do risco que deberán outorgar as entidades ás pemes e aos traballadores autónomos.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular:

ÍNDICE

Capítulo 1. Disposicións xerais.

Norma 1. Obxecto.

Norma 2. Ámbito de aplicación.

Capítulo 2. Contido do documento «Información financeira-peme».

- Norma 3. Documento «Información financeira-peme».
- Norma 4. Declaracións á Central de Información de Riscos do Banco de España.
- Norma 5. Datos comunicados a empresas que presten servizos de información sobre a solvencia patrimonial e o crédito.
- Norma 6. Historial crediticio.
- Norma 7. Extracto dos movementos realizados durante o último ano nos contratos do fluxo de financiamento do acreditado.
- Norma 8. Cualificación do risco do acreditado.
- Capítulo 3. Metodoloxía de cualificación do risco.
- Norma 9. Obxecto da metodoloxía.
- Norma 10. Descrición da metodoloxía.
- Norma 11. Situación financeira do acreditado.
- Norma 12. Cualificación da situación financeira do acreditado.
- Norma 13. Variables cualitativas.
- Norma 14. Cualificación das variables cualitativas.
- Norma 15. Variables de condutuais.
- Norma 16. Cualificación das variables de condutuais.
- Norma 17. Posición relativa do acreditado respecto ao seu sector de actividade.

Disposición transitoria primeira. Declaracións de datos á Central de Información de Riscos.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Anexos.

Anexo 1. Modelo do documento «Información financeira-peme».

Anexo 2. Instrución para a elaboración do punto «4. Historial crediticio» do documento «Información financeira-peme».

Anexo 2.1. Relación dos concursos de acredores, acordos de refinanciamento ou extraxudiciais de pagamentos, embargos, procedementos de execución e outras situacións xudiciais.

Anexo 2.2. Relación de contratos de seguros vinculados ao fluxo de financiamento.

Anexo 3. Posición relativa do acreditado respecto ao seu sector de actividade.

CAPÍTULO 1

Disposicións xerais

Norma 1. *Obxecto.*

A presente circular, de conformidade co previsto no artigo 2.3 da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, ten por obxecto:

a) Especificar o contido e o formato do documento denominado «Información financeira-peme», así como o modelo que deberán completar as entidades ás cales se refire a norma 2 para trasladar esta información aos seus acreditados nos supostos establecidos nos artigos 1 e 2.2 da Lei 5/2015, do 27 de abril.

b) Desenvolver a metodoloxía e o modelo para a elaboración dun informe estandarizado de avaliación da calidade do risco, que tamén formará parte do mencionado documento.

Norma 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O previsto nesta circular será de aplicación:

- a) Ás entidades de crédito constituídas en España.
- b) Ás actividades realizadas en España por entidades de crédito constituídas noutros países.
- c) Aos establecementos financeiros de crédito constituídos en España.

As mencións feitas nesta circular a entidades deberán entenderse referidas aos suxeitos considerados na enumeración anterior.

Igualmente, as mencións feitas a acreditados entenderanse realizadas ás pemes e aos traballadores autónomos que sexan clientes da entidade e titulares dalgún dos contratos de crédito recollidos no artigo 1.3 a) da Lei 5/2015, do 27 de abril. Para estes efectos, e en liña co establecido no artigo 1.3 d) da Lei 5/2015, do 27 de abril, entenderase por:

a) Peme, microempresa, pequena ou mediana empresa: aquelas empresas que cumpran os criterios establecidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

	Condición «e»	Condicións «ou» (unha delas)		Condición «e»
	Empregados ^(a) (criterio principal)	Cifra de negocios ^(a) (millóns de euros)	Balance ^(a) (millóns de euros)	Independencia ^(b) /non ser de propiedade pública ^(c)
Medianas ata	250	50	43	Si
Pequenas ata	50	10	10	Si
Das cales, microempresa ata . . .	10	2	2	Si

^(a) O tamaño asignado cambiará cando se excedan os límites cuantitativos en dous anos consecutivos (non abonda con que se excedan os limiares un ano).

^(b) Independencia: non poden ser pemes aquelas empresas cuxo capital estea controlado nun 25 % ou exista dominio de feito por un axente que forme un grupo cuxas variables cuantitativas excedan os limiares de pemes.

^(c) Non pública: as empresas de propiedade pública non se poden considerar peme.

b) Traballador autónomo: persoa física que exerce actividades económicas de acordo co artigo 1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

2. O disposto nesta circular será de aplicación:

a) Cando non se dea algunha das excepcións previstas no artigo 1.4 da citada lei e a entidade teña intención de extinguir, non prorrogar ou diminuír, nos termos e prazos establecidos no artigo 1.1 da Lei 5/2015, do 27 de abril, o fluxo de financiamento que concedese ao seu acreditado.

b) Cando o acreditado solicite o documento «Información financeira-peme», en exercicio do dereito recollido no artigo 2.2 da Lei 5/2015, do 27 de abril.

CAPÍTULO 2

Contido do documento «Información financeira-peme»Norma 3. *Documento «Información financeira-peme».*

1. O documento «Información financeira-peme» terá o contido mínimo previsto nesta circular, de conformidade co artigo 2 da Lei 5/2015, do 27 de abril, e dividirse nos seguintes puntos:

- a) Declaracións á Central de Información de Riscos do Banco de España.

- b) Datos comunicados pola entidade a empresas que presten servizos de información sobre a solvencia patrimonial e o crédito.
- c) Historial crediticio.
- d) Extracto dos movementos realizados durante o último ano nos contratos do fluxo de financiamento do acreditado.
- e) Cualificación do risco do acreditado.

2. O documento elaborárase de acordo co disposto na presente circular, e axustárase aos formatos e ás notas especificados nos seus anexos.

A data de referencia do documento será a do último día do mes anterior á data da notificación prevista no artigo 1 da Lei 5/2015, do 27 de abril, ou á data da solicitude por parte do acreditado prevista no artigo 2.2 da citada lei. Non obstante, o documento deberá ser complementado con información máis actualizada que se considere relevante.

3. As entidades deberán conservar, durante seis anos, a documentación xustificativa dos datos empregados para a elaboración do documento «Información financeira-peme», así como a documentación que acredite a recepción por parte do acreditado do citado documento ou que este foi posto á súa disposición.

Norma 4. *Declaracións á Central de Información de Riscos do Banco de España.*

1. O documento «Información financeira-peme» incluirá, de conformidade co previsto no artigo 2.1.a) da Lei 5/2015, do 27 de abril, as catro últimas declaracións mensuais de datos relativas aos acreditados, así como as correspondentes ao final de cada trimestre natural dos últimos cinco anos anteriores á data de notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, remitidas pola correspondente entidade á Central de Información de Riscos do Banco de España coas singularidades recollidas no punto seguinte.

2. As declaracións de datos á Central de Información de Riscos incluíranse no documento «Información financeira-peme», seguindo o contido e o nivel de agregación establecidos no anexo 3, «Información dos riscos que se facilitará ás entidades declarantes», da Circular 1/2013, do 24 de maio, do Banco de España, sobre a Central de Información de Riscos e pola que se modifica a Circular 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros. Esas declaracións de datos incluírán as operacións do acreditado sen que se limite o importe polo cal se informan.

3. As declaracións de datos contidas nesta norma incluíranse no número 2 do documento «Información financeira-peme» a que se refire o modelo recollido no anexo 1.

Norma 5. *Datos comunicados a empresas que presten servizos de información sobre a solvencia patrimonial e o crédito.*

1. O documento «Información financeira-peme» incluirá, de conformidade co previsto no artigo 2.1.b) da Lei 5/2015, do 27 de abril, os datos dos acreditados comunicados polas entidades a empresas que presten servizos de información sobre a solvencia patrimonial e o crédito que sigan constando nos rexistros de tales empresas na data da notificación ou na data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril.

2. As declaracións de datos contidas nesta norma incluíranse no número 3 do documento «Información financeira-peme» a que se refire o modelo recollido no anexo 1.

Norma 6. *Historial crediticio.*

O documento «Información financeira-peme» conterá, de conformidade co previsto no artigo 2.1.c) da Lei 5/2015, do 27 de abril, o historial crediticio do acreditado referido aos cinco anos anteriores á data da notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da citada Lei 5/2015, do 27 de abril, e incluírá os datos que figuran a seguir, sen prexuízo de que as entidades poidan completar esta información con

calquera outra que consideren esencial para facilitar a interpretación correcta dos datos entregados:

a) Unha relación dos créditos históricos e vixentes e dos importes pendentes de amortización.

1. Para todos aqueles produtos de activo dos cales sexa titular o acreditado na data de referencia do documento, así como para os cancelados durante o prazo de cinco anos indicado anteriormente, as entidades facilitarán, seguindo as definicións que se establecen nos módulos B.2 e C.1 do anexo 2 «Instrucións para elaborar os módulos de datos», da Circular 1/2013, do 24 de maio, e axustándose aos formatos e ás notas que se establecen no punto 4.i) «Relación dos créditos históricos e vixentes e dos importes pendentes de amortización» do anexo 1 «Modelo do documento «Información financeira-peme»» da presente circular, os seguintes datos:

- i) Código da operación.
- ii) Tipo de produto.
- iii) Finalidade da operación.
- iv) Principal ou nocional ao inicio da operación.
- v) Data de formalización ou emisión.
- vi) Data de vencemento.
- vii) Límite máximo á disposición do acreditado ao inicio da operación.
- viii) Límite actual do risco asumido pola entidade.
- ix) Risco dispoñible asumido pola entidade.
- x) Principal asumido pola entidade. Importe non vencido.
- xi) Estado de refinanciamentos e reestruturacións.

Os riscos transferidos a terceiros pero cuxa xestión conserve a entidade comunicaranse, para os efectos desta epígrafe, como riscos asumidos pola propia entidade.

2. Así mesmo, as entidades deberán achegar os seguintes datos relativos ás garantías reais e persoais de que dispoñan as operacións:

- i) Código da operación.
- ii) Garantía real principal. Tipo de garantía principal.
- iii) Garantía real principal. Cobertura da garantía principal.
- iv) Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal.
- v) Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal.

b) Unha relación cronolóxica das obrigas impagadas cos seus detalles ou, na súa falta, a declaración expresa de que o acreditado cumpriu integramente coas súas obrigas.

As entidades proporcionarán para cada peche mensual do ano anterior á data da notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, e para o peche de cada trimestre natural dos catro anos previos, a seguinte información das obrigas impagadas polo acreditado:

- i) Data de declaración da información.
- ii) Código da operación.
- iii) Data do primeiro incumprimento.
- iv) Data do último incumprimento.
- v) Principal asumido pola entidade. Importe vencido.
- vi) Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade.
- vii) Xuros de demora asumidos pola entidade.

Os riscos transferidos a terceiros pero cuxa xestión conserve a entidade comunicaranse, para os efectos desta epígrafe, como riscos asumidos pola propia entidade.

En caso de cumprir o acreditado integramente coas súas obrigas durante os cinco anos anteriores á data da notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, marcarase o recadro habilitado para o efecto no punto 4.ii) «Relación cronolóxica das obrigas impagadas e situación actual de impagamentos», ao cal se refire o modelo recollido no anexo 1.

Esta información facilitarase utilizando as definicións establecidas nos módulos B.2 e C.1 do anexo 2 «Instrucións para elaborar os módulos de datos», da Circular 1/2013, do 24 de maio, axustándose aos formatos e ás notas establecidos no punto 4.ii) «Relación cronolóxica das obrigas impagadas e situación actual de impagamentos», ao cal se refire o modelo recollido no anexo 1, e indicando a data de declaración da información mencionada no punto i) anterior.

c) Un estado da situación actual dos impagamentos.

Se no historial crediticio do acreditado non consta ningún impagamento na data de notificación ou na data de solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, marcarase o recadro habilitado para o efecto no punto 4.ii) «Relación cronolóxica das obrigas impagadas e situación actual de impagamentos», ao cal se refire o modelo recollido no anexo 1.

Nos demais casos, a situación actual dos impagamentos quedará recollida na relación cronolóxica das obrigas impagadas a que fai referencia a alínea b).

d) Unha relación dos concursos de acredores, acordos de refinanciamento ou extraxudiciais de pagamentos, embargos, procedementos de execución e outras incidencias xudiciais relacionadas co acreditado nas cales sexa parte a entidade.

En relación cos concursos de acredores e cos acordos de refinanciamento ou extraxudiciais de pagamentos, achegaranse os seguintes datos:

- i) Situación do acreditado.
- ii) Data de inicio da situación.
- iii) Data de finalización da situación.

Adicionalmente, se nalgún momento durante os cinco anos anteriores á data da notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, o acreditado tivese sido obxecto de embargo, procedemento de execución ou outra incidencia xudicial en que a entidade tivese sido parte, achegaranse os seguintes datos:

- i) Código da operación.
- ii) Data de inicio do procedemento.
- iii) Trámites legais realizados para recuperar a operación.

Esta información incluírase no documento «Información financeira-peme» seguindo os formatos, as notas e as definicións establecidos no punto 4.iii) «Relación de concursos de acredores, acordos de refinanciamentos ou extraxudiciais de pagamentos, embargos, procedementos de execución e outras situacións xudiciais» do anexo 1 «Modelo do documento “Información financeira-peme”» e no anexo 2 «Instrucións para a elaboración do número “4. Historial crediticio” do documento “Información financeira-peme”».

e) Unha relación dos contratos de seguros vinculados ao fluxo de financiamento.

As entidades deberán informar sobre calquera contrato de seguro do cal teñan constancia documentada e que estea vinculado ao fluxo de financiamento, sempre que poida ser considerado como un factor mitigador do risco derivado dalgún dos contratos que compoñen este fluxo de financiamento e non fose incluído previamente como unha garantía persoal principal na alínea a), dentro da relación de créditos históricos e vixentes. Os datos que se deben facilitar seguirán o formato, as notas e as definicións establecidos no punto 4.iv) «Relación de contratos de seguros vinculados ao fluxo de financiamento» do anexo 1 «Modelo do documento “Información financeira-peme”» e no anexo 2

«Instrucións para a elaboración do número “4. Historial crediticio” do documento “Información financeira-peme”», e serán os seguintes:

- i) Código da operación.
- ii) Ramo do seguro.
- iii) Compañía aseguradora.
- iv) Suma asegurada.
- v) Data de caducidade.

De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 5/2015, do 27 de abril, para estes efectos consideraranse seguros vinculados ao fluxo de financiamento os contratados dentro do prazo de seis meses anteriores ou posteriores ao perfeccionamento de calquera dos contratos de préstamo ou crédito que compoñen o fluxo de financiamento ou de calquera das súas prórrogas.

Norma 7. *Extracto dos movementos realizados durante o último ano nos contratos do fluxo de financiamento do acreditado.*

O documento «Información financeira-peme» conterá no punto 5 «Extracto dos movementos realizados durante o último ano nos contratos do fluxo de financiamento do acreditado» do anexo 1 «Modelo do documento “Información financeira-peme”», de conformidade co previsto no artigo 2.1 d) da Lei 5/2015, do 27 de abril, os movementos dos contratos que, segundo o disposto no artigo 1.3.a) da Lei 5/2015, do 27 de abril, compoñan o fluxo de financiamento do acreditado. De cada movemento detallaranse, polo menos, a data da operación, a data valor e o concepto que o orixina.

Entenderase cumprida esta obriga coa entrega dunha copia dos extractos facilitados ao acreditado durante o último ano desde a data da notificación ou da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril.

No caso de que a entidade, de acordo coas condicións contractuais pactadas, non efectuase entrega dos extractos, deberase informar, polo menos, de todos os movementos correspondentes ao último trimestre anterior á data da notificación ou á data da solicitude previstas no artigo 1 e no artigo 2.2, respectivamente, da Lei 5/2015, do 27 de abril, e, respecto dos nove meses anteriores, dos movementos acumulados de cada trimestre, incluíndo por separado o número dos movementos rexistrados como entradas e como saídas e o importe medio rexistrado en cada unha delas. Ademais, deberá informarse, de ser o caso e ao peche de cada trimestre, dos saldos dispoñibles, retidos e actuais de cada contrato.

Norma 8. *Cualificación do risco do acreditado.*

As entidades deberán incorporar no documento «Información financeira-peme», seguindo o modelo do número 6 do anexo 1, unha cualificación do risco do acreditado. Esta cualificación obterase mediante a aplicación da metodoloxía prevista no capítulo 3 da presente circular.

CAPÍTULO 3

Metodoloxía de cualificación do risco

Norma 9. *Obxecto da metodoloxía.*

1. A metodoloxía que se desenvolve no presente capítulo permitirá avaliar, dun xeito estandarizado e comparable, a calidade crediticia dos acreditados. O risco cualificarase atendendo á capacidade do acreditado para facer fronte aos seus compromisos financeiros, de acordo coas categorías establecidas no número 3 da norma 10.

2. As entidades que, de conformidade coa norma 2.1 da presente circular, estean obrigadas a elaborar o documento «Información financeira-peme» serán as responsables da aplicación correcta desta metodoloxía.

Norma 10. *Descrición da metodoloxía.*

1. As entidades determinarán a cualificación do risco dos acreditados analizando, de conformidade cos criterios que se detallan nas normas 11 á 16, as seguintes variables:

- a) Situación financeira do acreditado.
- b) Variables cualitativas.
- c) Variables condutuais.

2. Adicionalmente, as entidades proporcionarán a posición relativa do acreditado respecto ao seu sector de actividade, para o cal seguirán os criterios establecidos na norma 17.

3. O resultado da avaliación deberá permitirlle á entidade clasificar o risco do seu acreditado nalgunha das categorías establecidas no cadro 1.

Cadro 1. Cualificación do risco

Risco baixo.	Un acreditado obterá esta cualificación cando, da análise da súa situación financeira, do coñecemento que se dispoña del, do seu negocio ou da actividade que desenvolva, e da análise do seu comportamento en relación coa entidade, se conclúa que ten unha capacidade adecuada para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Risco medio-baixo.	Un acreditado obterá esta cualificación cando, da análise da súa situación financeira, do coñecemento que se dispoña del, do seu negocio ou da actividade que desenvolva, e da análise do seu comportamento en relación coa entidade, se conclúa que existe algunha incerteza non especialmente significativa sobre a súa capacidade para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Risco medio-alto.	Un acreditado obterá esta cualificación cando, da análise da súa situación financeira, do coñecemento que se dispoña del, do seu negocio ou da actividade que desenvolva, e da análise do seu comportamento en relación coa entidade, se conclúa que existen incertezas significativas sobre a súa capacidade para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Risco alto.	Un acreditado obterá esta cualificación cando, da análise da súa situación financeira, do coñecemento que se dispoña del, do seu negocio ou da actividade que desenvolva, e da análise do seu comportamento en relación coa entidade, se conclúa que existen serias dúbidas de que vaia ser quen de facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Non dispoñible.	Un acreditado obterá esta cualificación cando non se poida dispoñer de información suficiente para aplicar a metodoloxía de cualificación do risco.

4. As entidades deberán establecer a relación existente entre as valoracións dadas a cada un dos grupos de variables analizados, recollidos no número 1 anterior, e a cualificación do risco prevista no cadro 1.

As entidades deberán informar na avaliación final da orde de importancia outorgada a cada un dos grupos de variables analizados, recollidos no número 1 anterior, para o cal terán en conta as características particulares de cada acreditado. A ordenación seguirá unha escala de importancia do 1 ao 3 en orde descendente, sen que se poida asignar o mesmo valor a máis dun grupo de variables. Esta ordenación deberá ser coherente e estable no tempo para grupos similares de acreditados.

As entidades deberán manter unha xustificación das cualificacións outorgadas a cada un dos grupos de variables analizadas e da orde de importancia establecida nas cualificacións do risco que concedan aos acreditados.

5. Sen prexuízo do anterior, as entidades deberán ter en conta os seguintes criterios:

a) Se a cualificación da situación financeira do acreditado, conforme o disposto na norma 12, for non dispoñible, por non ter feito o acreditado depósito das súas contas anuais no Rexistro Mercantil, estando obrigado a iso, e non poder dispor a entidade doutros estados financeiros cos cales poder levar a cabo a análise, a cualificación do risco do acreditado poderá ser, ao criterio da entidade, de non dispoñible.

b) Se a análise das variables condutuais, conforme o disposto na norma 16, deitar unha cualificación negativa, a cualificación do risco do acreditado será de risco medio-alto ou risco alto.

6. As cualificacións concedidas polas entidades aos tres grupos de variables recollidos no número 1, xunto coa súa orde de importancia e a cualificación do risco obtida, formarán parte do documento «Información financeira-peme», co formato establecido no punto 6.1 «Cualificación do risco» do anexo 1 «Modelo do documento «Información financeira-peme»».

Norma 11. *Situación financeira do acreditado.*

1. A avaliación da situación financeira do acreditado efectuarase a través da análise dos seus estados financeiros. No caso daqueles acreditados que teñan a obriga legal de someter as súas contas anuais a auditoría, utilizaranse os estados financeiros auditados.

No caso das pemes, as entidades utilizarán os últimos estados financeiros depositados no Rexistro Mercantil, de conformidade co disposto no artigo 279 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010. Non obstante, se o acreditado non tivese depositado as súas contas no rexistro ou, mesmo despois de as depositar, non estivesen dispoñibles, a entidade poderá utilizar os últimos estados financeiros ou as últimas declaracións do imposto de sociedades de que dispoña, sempre que sexan recentes.

No caso dos traballadores autónomos que non dispoñan de estados financeiros, utilizarase a última información fiscal ou patrimonial de que se dispoña.

2. A entidade realizará unha análise da situación económico-financiera do acreditado a partir das ratios a que se refire o cadro 2, que se corresponden coas definidas e utilizadas pola Central de Balances do Banco de España nos seus informes de ratios sectoriais das sociedades non financeiras, aos cales se fai referencia na norma 17.

Así mesmo, sempre que a entidade dispoña, ademais dos estados financeiros sinalados no número 1, dos correspondentes a un ou dous exercicios precedentes, a análise estenderase á evolución das ratios durante eses exercicios.

Cadro 2. Ratios económico-financieras

Áreas de análise	Ratios ¹	Formulación a partir do modelo depósito pemes
Actividade.	Taxa de variación da cifra neta de negocios (T1).	$C40100 ((\text{ano actual}-\text{ano anterior})/\text{ano anterior}) * 100.$
Marxe.	Rdo. económico neto/cifra neta de negocios (R05).	$(C40100 + C40200 + C40300 + C40400 + C40500 + C40600 + C40700 + C40800) * 100 / C40100.$
Rendibilidade.	Resultado económico neto/total activo (R10).	$(C40100 + C40200 + C40300 + C40400 + C40500 + C40600 + C40700 + C40800) * 100 / (C10000 - C12370).$
	Rdo. despois de impostos/fondos propios (R12).	$C49500 * 100 / (C 21000 - C12370).$
Liquidez.	Activos financeiros e a curto prazo dispoñ. /total activo (R21).	$(C12700 + C12400 + C12500) * 100 / (C 10000 - C12370).$
Capital circulante.	Capital circulante/cifra neta de negocios (R20).	$C12200 + C11700 + C12380 - (C31600 + C32580) * 100 / C40100.$
Endebemento.	Débedas con ent. de crédito/total patrimonio neto e pasivo (R24).	$(C31220 + C31230 + C32320 + C32330) * 100 / (C 10000 - C12370).$

Áreas de análise	Ratios ¹	Formulación a partir do modelo depósito pemes
Solvencia.	Fondos propios/total patrimonio neto e pasivo (R22).	$(C21000 - C12370) * 100 / (C 10000 - C12370)$.
Capacidade de reembolso de xuros.	Gastos financeiros/resultado económico bruto (R06).	$(-C41500) * 100 / (C 40100 + C40200 + C40300 + C40400 + C40500 + C40600 + C40700)$.

¹ Ratios definidas pola Central de Balances do Banco de España nos seus informes de ratios sectoriais das sociedades non financeiras.

3. De non ser posible utilizar algunha ou algunhas das ratios anteriores, as entidades poderán utilizar outras ratios que consideren máis adecuadas, sempre que con elas se analicen e avalíen, polo menos, as seguintes áreas:

- a) Actividade.
- b) Rendibilidade.
- c) Liquidez.
- d) Nivel de endebedamento.
- e) Solvencia.

Norma 12. *Cualificación da situación financeira do acreditado.*

1. A avaliación da situación financeira do acreditado deberalle permitir á entidade concluír sobre a súa capacidade económico-financiera para facer fronte aos seus compromisos financeiros. Para estes efectos, outorgarase algunha das cualificacións que figuran no cadro 3.

Cadro 3. Cualificación da situación financeira do acreditado

Moi boa.	A análise da situación financeira do acreditado permite concluír que presenta unha capacidade económico-financiera moi alta para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Boa.	A análise da situación financeira do acreditado permite concluír que presenta unha capacidade económico-financiera adecuada para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Regular.	A análise da situación financeira do acreditado permite concluír que existen algunhas dúbidas sobre a súa capacidade económico-financiera para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Débil.	A análise da situación financeira do acreditado permite concluír que existen dúbidas considerables sobre a súa capacidade económico-financiera para facer fronte aos seus compromisos financeiros.
Non dispoñible.	Non se dispón de estados financeiros ou, no caso dos traballadores autónomos, da información fiscal que permita levar a cabo a análise, ou estes non están debidamente actualizados.

2. Corresponderalle á entidade, sobre a base da súa experiencia histórica, do seu modelo de xestión e do seguimento que realice dos seus acreditados, establecer a relación entre as ratios utilizadas e a cualificación que se asigne á situación financeira de cada acreditado. Así mesmo, as entidades deberán manter unha xustificación das cualificacións outorgadas.

Norma 13. *Variables cualitativas.*

1. As entidades analizarán, en relación co acreditado, co seu negocio ou coa actividade que desenvolva, canta información de carácter cualitativo figure nos seus sistemas de xestión.

2. Para estes efectos terán en conta, polo menos, a información referida:

- a) Á antigüidade do acreditado como cliente da entidade e á antigüidade do seu negocio.

- b) Ao sector económico en que opera o acreditado.

Adicionalmente, e sempre que a información se encuentre dispoñible e sexa pertinente a súa aplicación, valoraranse:

- a) A experiencia e o compromiso doutros socios, se os houber.
b) A pertenza da peme a un grupo económico considerado peme, seguindo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas empresas e medianas empresas e, neste caso, o grao de apoio por parte do grupo económico.

Corresponderalles ás entidades, de acordo coa súa experiencia e co seu modelo de xestión, elixir calquera outra variable de análoga natureza que considere relevante para realizar unha mellor valoración final da calidade crediticia do acreditado.

3. Adicionalmente, as entidades deberán valorar outros feitos significativos que, ao non estaren parametrizados nos seus modelos de xestión, poidan afectar a capacidade de pagamento do acreditado.

Norma 14. *Cualificación das variables cualitativas.*

A avaliación do coñecemento que a entidade ten do acreditado como cliente e, de ser o caso, do apoio que recibe por parte dos seus socios ou do grupo económico a que pertence, deberá permitir á entidade asignarlle ao acreditado algunha das cualificacións establecidas no cadro 4.

Cadro 4. Cualificación das variables cualitativas

Positiva.	O coñecemento que se ten do cliente, do seu negocio e, de ser o caso, do apoio dos seus socios ou do grupo económico a que pertence permite alcanzar unha opinión positiva sobre o acreditado e o seu negocio.
Neutra.	O coñecemento que se ten do cliente, do seu negocio e, de ser o caso, do apoio dos seus socios ou do grupo económico a que pertence non permite formar unha opinión positiva nin negativa sobre o acreditado e o seu negocio.
Negativa.	O coñecemento que se ten do cliente, do seu negocio e, de ser o caso, do apoio dos seus socios ou do grupo económico a que pertence permite alcanzar unha opinión negativa sobre o acreditado e o seu negocio.

Así mesmo, as entidades deberán manter unha xustificación das cualificacións outorgadas a cada unha das variables analizadas.

Norma 15. *Variables condutuais.*

As entidades valorarán a evolución do comportamento do acreditado nas relacións contractuais en que el fose parte. Para iso analizarán as variables que con este fin teñan incorporadas nos seus sistemas de xestión e nos seus sistemas de alertas. Esta análise deberá ter en conta, polo menos, as seguintes variables ou alertas:

- a) A existencia de posicións vencidas.
b) A frecuencia e recorrencia dos impagamentos, incluíndo as alertas de inscrición do acreditado en rexistros de impagados (RAI, Asnef, etc.).
c) Os descubertos e excedidos en conta rexistrados no último exercicio.
d) As derivadas da Central de Información de Riscos do Banco de España.

Norma 16. *Cualificación das variables condutuais.*

A análise e valoración do comportamento do acreditado ao longo das relacións contractuais nas cales a entidade foi parte deberán permitir á entidade asignarlle ao acreditado algunha das cualificacións establecidas no cadro 5.

Cadro 5. Cualificación das variables condutuais

Positiva.	O cliente está fortemente vinculado, sen incidencias e cunha correcta operativa, o que representa un comportamento beneficioso para a entidade.
Neutra.	O cliente ten unha baixa vinculación ou unha posición e operativa na entidade que non permite obter unha conclusión clara respecto ao seu efecto sobre a entidade.
Negativa.	O cliente incorreu en alertas internas por impagamentos, atrasos, incumprimentos de compromisos ou similares, ou tense coñecemento de alertas externas, tales como posicións dubidosas ou que reflectan unha situación de incumprimento na Central de Información de Riscos, procedementos xudiciais, Asnef, RAI, etc., que representan un comportamento prexudicial para a entidade.

Así mesmo, as entidades deberán manter unha xustificación das cualificacións outorgadas a cada unha das variables analizadas.

Norma 17. *Posición relativa do acreditado respecto ao seu sector de actividade.*

1. A entidade proporcionaralle ao acreditado, xunto coa cualificación do seu risco, información sobre a súa posición relativa no sector en que desenvolve a súa actividade para o exercicio económico máis recente respecto do cal se dispoña de información.

Para iso, as entidades farán uso da aplicación de ratios sectoriais das sociedades non financeiras deseñada pola Central de Balances do Banco de España, de xeito que, para as ratios definidas no cadro 2 a que se refire o número 2 da norma 11, se informará do intervalo delimitado polos cuartís en que se sitúa o acreditado dentro do seu sector de actividade.

O Banco de España porá á disposición das entidades, na sección da Central de Balances do seu sitio web ou por outros medios, o citado modelo para a obtención da posición relativa do acreditado no seu sector de actividade.

